



CONCELLO DE ENTRIMO  
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán  
32860 – ENTRIMO (Ourense)  
Tlf:988434666 Fax:988434610  
concello.entrimo@eidolocal.es*

## PÁXINA WEB DO CONCELLO

### ANUNCIO

De conformidade co disposto no art. 101 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, esta Corporación vai proceder á elección do xuíz de paz titular do Concello.

A estes efectos, faise pública a convocatoria de acordo coas seguintes bases:

1. **OBXECTO:** Constitúe o obxecto da presente convocatoria a elección do xuíz de paz titular deste Concello.

2. **REQUISITOS:** Os aspirantes teñen que cumprir os seguintes requisitos:

- g) Ser español
- h) Ser maior de idade
- i) Non estar incurso nas causas de incapacidade previstas no art. 303 da devandita Lei Orgánica, así como nas de incompatibilidade sinaladas no art. 389 e seguintes da mesma.

3. **SOLICITUDES:** As solicitudes formularanse mediante instancia dirixida ó Alcalde, e se presentará no rexistro xeral do Concello ou na forma establecida no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación das solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no BOP.

Coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia cotexada do DNI
- b) Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia o art. 2.1.a) da Lei 68/1980, do 1 de decembro (relativa a se se atopa inculcado ou procesado)
- c) Certificado ou informe médico de non estar impedido física ou psíquicamente para a función xudicial.
- d) Declaración persoal de non estar incurso nas causas de incapacidade e incompatibilidade sinaladas nos art. 303 e 389 da devantida L.O. 6/1985, do 1 de xullo, do P.X.
- e) Xustificación dos méritos que, no seu caso, alegue.



Entrimo, 27 de xuño de 2017.  
O Alcalde

Asdo.: Ramón Alonso López